
PROGRAMA DE ACCIÓN FORMATIVA PARA O PERSOAL DE ARQUIVOS, REXISTROS E MUSEOS DE GALICIA

**DÍA 2: O TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS EN
CENTROS CULTURAIS, DEREITOS DE PRÉSTAMO,
IMAXE E PÚBLICO COMO XERADOR DE CONTIDOS**

*Sesión 4: O Tratamento de Datos Persoais nos
Centros Culturais*

Antonio Miño

Achtung 1!!!

As opinións verquidas neste relatorio son persoais e non vencellan á Xunta de Galicia, Universidade de Vigo nin a calquera outra institución á que pertenza ou coa que colabore o relator.

Achtung 2!!!

- ***Por favor, interrúmpame cando da miña exposición lles xordan cuestións do seu interese.***

Programa

1. Marco legal:

- Regulamento Xeral de Protección de Datos (RGPD) e Lei Orgánica de Protección de Datos (LOPDGDD).
- Tratamento de datos persoais en arquivos, bibliotecas e museos: principios e obrigas.

2. Datos sensibles e a súa protección nos centros culturais:

- Concepto de dato persoal e dato especialmente protexido
- Criterios xurídicos, xurisprudenciais e doutrinais para a xestión das bases de datos de usuarios
- Acceso a documentos que conteñan datos persoais (especial referencia a documentos históricos).

3. Casos prácticos:

- Resolución de dúbidas sobre o tratamento de datos persoais en arquivos e museos.

1 MARCO LEGAL

*Reglamento Xeral de Protección de
Datos (RGPD) e Lei Orgánica de
Protección de Datos (LOPDGDD)*

1. Marco legal

01

Constitución (art. 18.4)

Reglamento Xeral de
Protección de Datos (RXPD)

Lei Orgánica de
Protección de Datos
(LOPDGDD)



1. Marco legal. Normativa europea.

1. Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea (2010): Artigo 8: “*Toda persoa ten dereito á protección dos datos persoais que a concirnan.*
2. Estes datos serán tratados de forma xusta, para fins específicos e sobre a base do consentimento da persoa afectada ou en virtude doutra base lexítima prevista na lei. Cada persoa ten dereito a acceder aos datos recollidos que che conciernen e a obter a súa rectificación.
*3. O cumprimento destas normas estará suxeito ao control dunha **autoridade independente.**”*

2. TFUE (1957, 2009). Artigo 16: “suxeito individual.” .



3. Regulamento 2016/679.

1. Marco legal.

Constitución. Art. 18.4

1. DEREITO FUNDAMENTAL

1. ‘**postconstitucional**’: integrado polo Tribunal Constitucional no artigo **18.4 CE**:
*“4. A lei limitará o uso das **tecnoloxías da información** para garantir a honra e a intimidade persoal e familiar dos cidadáns e o pleno exercicio dos seus dereitos”.*
 2. Fórmulas privilexiadas de protección (**art. 53 CE**):
 1. Procedimento contencioso-administrativo especial para a protección dos DEREITOS fundamentais da persoa (art. 114 ss LJCA);
 2. Recurso de amparo ante o TC.
- **Sentenza 94/1998, do 4 de maio**: un dereito fundamental que garante ao individuo o **control** sobre os seus datos, **calquera** dato de carácter persoal, e sobre o seu **uso e destino**, para evitar o **tráfico ilícito** dos mesmos ou de calquera dato que **prexudique a dignidade** e os dereitos dos afectados; (...), configúrase como un *dereito do cidadán a oporse ao uso de determinados datos persoais para fins distintos dos que xustificaron a súa recollida*.
- **Sentenza 292/2000, de 30 de novembro**: dereito autónomo e independente que consiste nunha facultade de disposición e control sobre os datos persoais que faculta á persoa para **decidir cales deses datos facilitar** a un terceiro, xa sexa o Estado ou un particular, **ou cales este terceiro pode recoller**, e que tamén permite ao particular **saber quen posúe eses datos persoais e con que finalidade**, podendo **oporse a tal posesión ou uso**.

1. Marco legal.

Constitución n. Art. 18.4

2. DIFERENZA CON:

- **DEREITO Á HONRA:** “defende a **boa reputación** dunha persoa, protexéndoa de expresións ou mensaxes que lle fagan perder a súa reputación desacreditándoa ou menosprezándoa aos ollos dos demais (STC 180/1999, do 11 de outubro, F.X. 4º).”
- **DEREITO Á PROPIA IMAXE:** “Dereito a controlar a captura, difusión e, se é o caso, a explotación das **características físicas** que fan que unha persoa sexa recoñecible como suxeito individual.” (fotografía, vídeo, etc).



Ley Orgánica 1/1982, de 5 de mayo, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe:

- defensa fronte **inxerenzas ou intromisións ilexítimas**.
- Imperativos de interese público determinados por lei. Consentimento do interesado: expreso e revogable.

1. Marco legal. Lo 3/2018, 5.12, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales

-
1. TRANSPOSICIÓN innecesaria do Regulamento europeo
 2. REGULACIÓN EX NOVO en materia de GARANTÍA DOS DEREITOS DIXITAIS
 - Artigo 79. Dereitos na era dixital.
 - Artigo 80. Dereito á neutralidade en Internet.
 - Artigo 81. Dereito de acceso universal a Internet.
 - Artigo 82. Dereito á seguridade dixital.
 - Artigo 83. Dereito á educación dixital.
 - Artigo 84. Protección de menores en Internet.
 - Artigo 85. Dereito de rectificación en Internet.
 - Artigo 86. Dereito de actualización da información en medios dixitaís.
 - Artigo 87. Dereito á intimidade e uso de dispositivos dixitaís no lugar de traballo.
 - Artigo 88. Dereito á desconexión dixital no ámbito laboral.
 - Artigo 89. Dereito á intimidade en relación co uso de dispositivos de videovixilancia e gravación de son no lugar de traballo.
 - Artigo 90. Dereito á intimidade en relación co uso de sistemas de xeolocalización no lugar de traballo.
 - Artigo 91. Dereitos dixitaís na negociación colectiva.
 - Artigo 92. Protección dos datos de menores en Internet.
 - Artigo 93. Dereito ao esquecemento nas buscas na internet.
 - Artigo 94. Dereito ao esquecemento en servizos de redes sociais e servizos equivalentes.
 - Artigo 95. Dereito á portabilidade en servizos de redes sociais e servizos equivalentes.
 - Artigo 96. Dereito a un testamento dixital.
 - Artigo 97. Políticas de promoción dos dereitos dixitaís.

2 MARCO **LEGAL**

*Tratamento de dados pessoais em
arquivos, bibliotecas e museos:
princípios e obrigações*





3 MARCO **LEGAL**

*Tratamento de dados persoais en arquivos,
bibliotecas e museos: principios e obrigas*

RESPONSABILIDADES, INFRACCIÓNS e SANCIÓN

Infraccións e sancións:

Responsables

- 1. Están suxeitos ao réxime sancionador establecido no Regulamento (UE) 2016/679 e nesta Lei orgánica:
 - a) Os **responsables** do tratamento → Resp. da ADMINISTRACIÓN, ORGANISMO, SOCIEDADE MERCANTIL PÚBLICA, etc
 - b) Os **encargados** dos tratamentos → Resp. da ENTIDADE EXTERNA, NON NECESARIAMENTE INDEPENDENTE DA RESPONSABLE, DOTADA DE PERSONALIDADE XURÍDICA, que xestione datos por conta daquela.

A Consellería de Cultura da Xunta de Galicia encarga a empresa privada DIXIDOC, S.A. (inventada) a dixitalización dos documentos contidos no Arquivo Xeral do Reino de Galicia. Durante o proceso de dixitalización 'fíltranse' á prensa datos patrimoniais e persoais, fotografías privadas e documentos sensibles que afectan a persoas vivas perfectamente identificables. ¿Quen é o responsable do tratamento?; ¿e o encargado?.

Infraccións e sancións: Reparto de Responsabilidades

- Directrices 07/2020 do Consello Europeo de Protección de Datos (CEPD) sobre os conceptos de responsable e encargado do tratamento no RGPD:
 1. Os conceptos de RESPONSABLE do tratamento e ENCARGADO do tratamento non son formais, senón **funcionais** e deben adaptarse ao caso específico.
 2. O responsable do tratamento:
 1. convértese en tal desde o intre en que **decide os fins e os medios do tratamento, decide "por que" e "como" se deben procesar os datos persoais** e
 2. **non perde esta condición simplemente por outorgarlle ao encargado do tratamento unha certa marxe de discreción ou por non ter acceso ás bases de datos** do encargado do tratamento.

Infraccións e sancións: Reparto de Responsabilidades

- O **CRITERIO FUNCIONAL** significa que a asunción das responsabilidades ven determinada polo **papel do responsable e do encargado** na organización e xestión dos datos, en xeral e no caso concreto da infracción.
1. O **encargado** do tratamento só será responsable dos danos
 1. se incumpriu as obrigas especificamente dirixidas aos encargados do tratamento no RGPD (artigos 28 e 29 do RGPD)
 2. ou actuou fóra ou en contra das instrucións legais do responsable do tratamento.
 2. Ámbalas dúas partes estarán **exentas de responsabilidade** se proban que non son en ningún caso responsables do acto que causou os danos. (Artigo 82.3).
 3. A responsabilidade dentro de cada grupo e entre ámbolos dous é SOLIDARIA (Art. 82.4).
 4. As reclamacións por danos e perdas deben presentarse ante o responsable ou encargado do tratamento, non ante a AEPD.

No exemplo anterior, ¿quen asume ou asumen a responsabilidade: o responsable ou o encargado?

Táboa resumo de infraccións e multas

TIPO DE INFRACIÓN	DESCRICIÓN	ARTIGOS DE REFERENZA	PRESCRICIÓN DA INFRACCIÓN	SANCIÓN
Leves	Non causan un dano significativo aos interesados.	Art. 74 LOPDGDD	1 ano	Importe igual ou inferior aos40.000€
Graves	Afectan de xeito salientable aos dereitos dos interesados ou implican risco para a seguridade de datos.	Art. 73 LOPDGDD e art. 83.4 RGPD	2 anos	Importe entre 40.001€ e 300.000€
Moi Graves	Vulneran gravemente os dereitos dos interesados ou ponen en risco a seguridade de datos a grande escala.	Art.72 a 78 LOPDGDD, Art. 83 RGPD	3 anos	Importe superior aos 300.000€*

Extensión das responsabilidades: civil, penal, social, contenciosa...

[Que responsabilidades poden incorrer quen distribúe ilegalmente contido sensible de terceiros?](#)

Extensión das responsabilidades: resp. subjetiva

AEPD. No: E/10529/2021. *REAL ACADEMIA ESPAÑOLA-GOOGLE ANALYTICS*: transmisión de datos pola primeira á segunda, en concordancia coas normas estatais, europeas e internacionais; DESCOÑECENDO PLENAMENTE o tratamento indebido que facía GOOGLE ANALYTICS. –
IGNORANCIA NON PUNIBLE

Responsabilidade das persoas físicas?

En principio, NON...

Se os ficheiros son propiedade da entidade pública, a responsabilidade do cumprimento recae nela, xa que o Responsable do Tratamento é responsable de calquera incumprimento.

Polo tanto, a entidade pública será responsable como persoa xurídica e non o individuo que realmente xestiona o ficheiro.

Hai numerosos casos nos que, mesmo de forma non intencionada, se produce unha violación da lei debido a un mal desempeño do persoal de datos. Velaí a importancia de investir en formación dirixida a concienciar e impartir formación obrigatoria aos traballadores para previr estas infraccións e evitar as sancións que supoñen.

Responsabilidade das persoas físicas?

Pero...,

Non é a primeira vez que a AEPD impón unha sanción a unha persoa física, No 2019, ([aquí](#)) impuxo unha multa de 10.000 € a unha persoa por incumprir o artigo 6.1 do RGPD. Publicou fotografías íntimas e capturas de pantalla de conversas dunha muller e unha terceira persoa no seu estado de WhatsApp sen o seu coñecemento ou consentimento, despois de que fosen roubadas dunha unidade USB que desaparecera. Tamén engadiu comentarios despectivos e insultantes a algunhas das fotografías.

- Ademais...,

O propio RGPD, no seu considerando 18, establece que “*non se aplica ao tratamento de datos persoais por parte dunha persoa física **no curso dunha actividade exclusivamente persoal ou doméstica** e, polo tanto, **sen ningunha conexión cunha actividade profesional ou comercial**”.*

Responsabilidade das persoas físicas?

"Exención doméstica": as normas de protección de datos non se aplican aos usuarios que operan nun ámbito puramente persoal e que contactan con persoas que forman parte da súa familia ou fogar (aplicacións de mensaxería móbil).

Esta excepción non opera na **comunicación de datos sensibles** (orixe racial ou étnica, opinións políticas, crenzas relixiosas ou filosóficas, afiliación sindical, saúde e vida sexual), que só poderán publicarse co consentimento explícito do interesado ou se esa persoa fixo públicos os datos. Nestes casos, é o propio usuario quen asume a plena responsabilidade do tratamento dos datos.

- O cal non se aplica ao persoal do sector público que xestiona indebidamente datos persoais coñecidos por mor do seu traballo:

1. Considerando 18 RGPD, *a contrario sensu*.
2. Acción de repetición contra O funcionario, ex art. 36.4 L. 40/2015
3. CRIME de DESCOBRIMENTO e REVELACIÓN DE SEGREDOS :Título X Capítulo Primeiro. Artículos 197 a 201

Repetición contra a autoridade e o persoal (art. 36.4 LRXSP)

1. RESOLUCIÓN
do procedemento
e indemnización
a favor do
interesado,

2. A
Administración
REQUIRIRÁ,
OFICIALMENTE
POR VÍA
ADMINISTRATIVA,
ÁS SÚAS
AUTORIDADES E
DEMÁS PERSOAL
DO SEU SERVIZO
a
responsabilidade

3. por FRAUDE,
CULPA ou
NEGLIXENCIA
GRAVE, tras a
instrución do
procedemento
correspondente.



1. Criterios:

- O resultado prexudicial producido,
- O grao de culpabilidade,
- A responsabilidade profesional do persoal e a súa relación coa produción de resultados prexudiciais.

2. O procedemento levarase a cabo de acordo coa LPAC e constará, como mínimo, dos seguintes pasos:

- Alegacións nun prazo de 15 días
- Práctica da proba durante un período de 15 días
- Audiencia por un período de 10 días
- Proposta de resolución nun prazo de 5 días desde a finalización do trámite de audiencia
- Resolución en 5 días. Esgota a vía administrativa.

2. DADOS **SENSIBLES E A** **SÚA PROTECCIÓN** **NOS CENTROS** **CULTURAIS**



*Concepto de dado persoal e dado
especialmente protexido*

CONCEPTO DE DADO PERSOAL (Art. 4.1) RXPDP

- Un dato persoal é **calquera información sobre unha persoa física identificada ou identificable** (o interesado).
- «datos persoais»: toda información sobre unha persoa física identificada ou identificable («o interesado»); considerarase persoa física identificable toda persoa **cuxa identidade poida determinarse, directa ou indirectamente, en particular mediante un identificador**, por exemplo **un nome, un número de identificación, datos de localización, un identificador en liña ou un ou varios elementos propios da identidade física, fisiolóxica, xenética, psíquica, económica, cultural ou social da devandita persoa**;
- CONCEPTO AMPLO derivado da finalidade do RXPDP: “**protexe os dereitos e liberdades fundamentais das persoas físicas e, en particular, o seu dereito á protección dos datos persoais**” (art. 1.3).

CATRO ELEMENTOS: **«toda información», «verbo de» «persoa física» «identificada o identificable»**

CONCEPTO DE DADO PERSOAL (Art. 4.1) RXPd): “*Toda información*”

- CONTIDO:

1. pode ser obxectiva (cor de ollos) ou subxectivo/opinativa (usuario mal vestido); verídica ou incorrecta (opera o dereito á rectificación).
2. “*información relativa a la vida privada y familiar del individuo stricto sensu, pero también la información sobre cualquier tipo de actividad desarrollada por una persona, como la referida a sus relaciones laborales o a su actividad económica o social. (...) abarca, por lo tanto, **información sobre las personas, con independencia de su posición o capacidad** (como consumidor, paciente, trabajador por cuenta ajena, cliente, etc.)”.*

- FORMATO.

1. a información dispoñible en calquera forma, alfabética, numérica, gráfica, fotográfica ou sonora, conservada en papel, almacenada nunha memoria de computador, ou nunha cinta de vídeo, por exemplo.
2. Os datos que consisten en sons e imaxes están cualificados como datos persoais
3. Non é necesario que estea recollida nunha base de datos ou nun ficheiro estruturado. A información contida nun texto libre nun documento electrónico pode cualificarse como datos persoais.
4. Tamén un correo electrónico datos biométricos ou impresións dixitais

CONCEPTO DE DADO PERSOAL (Art. 4.1) RXPd): “*verbo de*”

- Un «dato refírese a unha persoa se **fai referencia á súa identidade, as súas características ou o seu comportamento ou se esa información utilízase para determinar ou influír na maneira en que lla trata ou lla avalía**».

os datos incluídos no ficheiro persoal dunha persoa gardado no departamento de persoal da súa empresa están claramente relacionados coa súa situación como empregado da devandita empresa; datos sobre os resultados das probas médicas ás que se someteu unha persoa, recollidos no seu historial médico, ou as imaxes filmadas en vídeo dunha persoa con ocasión dunha entrevista.

- Para considerar que os datos versan «sobre» unha persoa debe haber un elemento «contido» ou un elemento «finalidade» ou un elemento «resultado». "**contido**": elemento relativo a 1 persoa; **finalidade** avaliar, tratar de determinada maneira ou influír na situación ou o comportamento dunha persoa; **resultado**: Abonda con que a persoa poida ser tratada de forma diferente por outras persoas como consecuencia do tratamento de tales datos.

En calquera administración ou empresa, o rexistro de chamadas e o control da IP non recollen datos persoais por contido (non se refiren a unha persoa concreta), senón por finalidade e resultado: o número de chamadas e o uso do ordenador no horario laboral son identificadores do traballadore que usou os aparatos nese tempo.

CONCEPTO DE DADO PERSOAL (Art. 4.1) RXPd): “*verbo de*”

- Unha mesma información pode recoller datos persoais por contido, finalidade e resultado.

As actas dunha reunión na que se fixa o réxime dos usuarios nunha biblioteca inclúe datos persoais por contido (o persoal que intervéñe e o que asina a acta); por finalidade (o persoal en contacto cos usuarios) e por resultado (todo o persoal afectado polo réxime)

Do mesmo xeito,

o concepto de dato persoal require a concorrencia dun dobre elemento:
a **existencia dunha información ou dato** e
que **o devandito dato poida vencellarse a unha persoa física identificada ou identificable**, polo que a imaxe dunha persoa física identificada ou identificable constitúe un dato de carácter persoal.

CONCEPTO DE DADO PERSOAL (Art. 4.1) RXPd): “*persoa física*”

Os datos persoais son, por tanto, datos relativos a **seres vivos**: artigo 6 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, «*todo ser humano ten dereito, en todas partes, ao recoñecemento da súa personalidade xurídica.*»

FINADOS. non se debe considerar como datos persoais suxeitos ás normas da Directiva, xa que os defuntos deixan de ser persoas físicas para o Dereito civil. Con todo, en determinados casos os datos dos defuntos aínda poden recibir indirectamente una certa protección.

- 1.O responsable dos datos quizá non poida saber de certo se a persoa á que se refiren os datos aínda está viva ou faleceu.
- 2.A información sobre persoas falecidas tamén pode facer referencia a persoas vivas. Por exemplo, a información de que a finada era hemofílica indica que o seu fillo tamén pode selo.
- 3.A obriga de confidencialidade do persoal médico non termina coa morte do paciente.
- 4.Nada impide que un Estado membro estenda o alcance da normativa nacional aos finados, sempre que ningunha outra norma de Dereito comunitario opóñase a iso.

CONCEPTO DE DADO PERSOAL (Art. 4.1) RXPd): “*persoa física*”

PERSOAS XURÍDICAS. Excluídos,
xa que a definición de datos persoais
fai referencia ás persoas físicas.



Pero...,

- 1.Cando a denominación da persoa xurídica ten a súa orixe no nome dunha persoa física.
- 2.O correo electrónico dunha empresa, utilizado por un empregado determinado ou o a información sobre unha pequena empresa que poden describir o comportamento do seu usuario ou propietario. En todos estes casos, son datos persoais segundo os criterios de «contido», «finalidade» ou «resultado».
- 3.O TXUE sinalou que nada impide que un Estado membro estenda o alcance da normativa, sempre que ningunha outra norma de Dereito comunitario se opoña. En consecuencia , Italia, Austria ou Luxemburgo estenderon o alcance de determinadas disposicións (como as relativas ás medidas de seguridade) ao tratamento de datos sobre

CONCEPTO DE DADO PERSOAL (Art. 4.1) RXPd): “*persoa identificada ou identificable*”

- unha persoa física está «**identificada**» cando É DISTINGUIBLE DIRECTA E INMEDIATAMENTE de todos os demais membros do grupo. Por conseguinte, a persoa física é «**identificable**» cando, aínda que non lla identificou aínda, SEXA POSIBLE facelo.
- **PERSOA IDENTIFICADA.** «*unha persoa pode **ser identificada directamente** polo seu nome e apelidos ou **indirectamente** por un número de teléfono, a matrícula dun coche, un número de seguridade social, un número de pasaporte ou por unha combinación de criterios significativos (idade, emprego, domicilio etc.)/ etc.), que faga posible a súa identificación ao estreitarse o grupo ao que pertence.*» .
- O **nome e apelidos** é efectivamente o identificador máis común. Pero non necesariamente o máis concluínte

Un apelido moi común non bastará para identificar a unha persoa dentro do conxunto da poboación dun país, mentres que é probable que permita a identificación dun alumno dentro dunha clase. Incluso unha información auxiliar, como, por exemplo, «o home que leva un traxe negro», pode identificar a algún dos transeúntes que esperan nun semáforo

- Nalgunhas ocasións, para establecer con toda certeza esta identidade, hai que **combinar o nome e apelidos da persoa con outros datos** (data de nacemento, nomes dos pais, dirección ou unha fotografía do seu rostro) para evitar toda confusión con outras persoas do mesmo nome e apelidos.

CONCEPTO DE DADO PERSOAL (Art. 4.1) RXPd): “*persoa identificada ou identificable*”

- **PERSOA IDENTIFICABLE.** A identificación lógrase normalmente a través de datos concretos chamados «**identificadores**» e que teñen unha relación privilexiada e moi próxima cunha persoa: a súa aparencia (altura, a cor do cabelo, a roupa, etc). ou unha calidade da persoa que non pode percibirse inmediatamente (profesión, o cargo que ocupa, o seu nome etc).

*«para determinar se unha persoa é identificable, hai que considerar **o conxunto dos medios que poidan ser razoablemente utilizados polo responsable do tratamento** ou por calquera outra persoa, para identificar á devandita persoa». Isto significa que a mera e hipotética posibilidade de singularizar a un individuo non é suficiente para considerar á persoa como «identificable». Se, «**o conxunto dos medios que poidan ser razoablemente utilizados polo responsable do tratamento ou por calquera outra persoa**», non O PERMITE ou é insignificante, a persoa non debe ser considerada como «identificable» e a información non debe catalogarse como «datos persoais»*

- Os **provedores de acceso a Internet e os administradores de redes locais** poden identificar aos usuarios grazas ás direccións IP, que rexistran sistematicamente nun ficheiro a data, a hora, a duración e a dirección IP dinámica asignada ao usuario.

Dados especialme nte protexidos (categorías de datos especiais) (art. 9RXPD)

-
- As categorías especiais de datos son aquelas que inclúen datos que revelen a **orixe étnica ou racial, as opinións políticas, conviccións relixiosas ou filosóficas, afiliación sindical, datos xenéticos, datos biométricos** dirixidos a identificar de maneira unívoca a unha persoa física, **datos relativos á saúde ou á vida sexual** ou as **orientacións sexuais** dunha persoa física.
 - A regra xeral é a **prohibición do tratamento** (art. 9). Con todo, recóllese un amplo abano de excepción. Entre elas:
 1. **consentimento explícito** para o tratamento. En España, o artigo 9 LOPD dispón que *co fin de evitar situacións discriminatorias, o só consentimento do afectado non bastará para levantar a prohibición do tratamento de datos cuxa finalidade principal sexa identificar a súa ideoloxía, afiliación sindical, relixión, orientación sexual, crenzas ou orixe racial ou étnico*
 2. o interesado fixo **manifestamente públicos** os datos persoais;
 3. o tratamento é necesario por razóns dun **interese público esencial**, sobre a base do Dereito da Unión ou dos Estados membros, que debe ser proporcional ao obxectivo perseguido, respectar no esencial o dereito á protección de datos e establecer medidas axeitadas e específicas para protexer os intereses e dereitos fundamentais do interesado

Dados especialmente protexidos (categorías de datos especiais) (art. 9RXPd):

TRATAMENTO CON FINS DE ARQUIVO EN INTERESE PÚBLICO (art. 89 RXPd)

-
- O tratamento con fins de arquivo en interese público, de investigación científica ou histórica ou fins estatísticos estará **suxeito ás garantías axeitadas**, con arranxo ao presente Regulamento, para os dereitos e as liberdades dos interesados. Cales son entón esas garantías?
1. - Dispoñer e implementar as **medidas técnicas e organizativas** que garantan o respecto ao principio de minimización dos datos persoais, por exemplo a seudonimización (artigo 89.1 do RGPD).
 2. - O **tratamento ulterior** de datos persoais cos fins anteriormente mencionados soamente efectuarase cando o responsable do tratamento avalíase a viabilidade de cumprir eses fins mediante un tratamento de datos que non permita identificar aos interesados, ou que xa non o permita, sempre que existan as garantías adecuadas (considerando 156 do RGPD).
 3. - Posibilidade de establecer **procedementos específicos** para que os interesados **exerzan os seus dereitos** en materia de protección de datos, se resulta axeitado, á luz dos fins perseguidos polo tratamento específico (considerando 156 do RGPD).

Dados especialmente protexidos (categorías de datos especiais) (art. 9RXPd): TRATAMENTO CON FINS DE ARQUIVO EN INTERESE PÚBLICO (art. 89 RXPd)

Cando se tratan datos persoais con **fins de investigación científica ou histórica ou estatísticos** o Dereito da Unión ou dos Estados membros poderá establecer **excepcións** aos dereitos contemplados nos artigos 15 (acceso), 16 (rectificación), 18 (limitación do tratamento) e 21 (oposición), suxeitas ás condicións e garantías indicadas no apartado 1 do presente artigo, **sempre que sexa probable que eses dereitos imposibiliten ou obstaculicen gravemente o logro dos fins científicos e canto esas excepcións sexan necesarias para alcanzar eses fins.**

Cando se tratan datos persoais con **fins de arquivo en interese público**, o Dereito da Unión ou dos Estados membros poderá prever excepcións aos dereitos contemplados nos artigos 15 (acceso), (rectificación), 18 (limitación do tratamento) 19 (notificación), 20 (portabilidade) e 21 (oposición), , suxeitas ás condicións e garantías citadas no apartado 1 do presente artigo, **sempre que eses dereitos poidan imposibilitar ou obstaculizar gravemente o logro dos fins científicos e canto esas excepcións sexan necesarias para alcanzar eses fins.**

Dados especialmente protegidos (categorías de datos especiais) (art. 9RXPD):

TRATAMIENTO CON FINES DE ARCHIVO EN INTERESE PÚBLICO (art. 89 RXPD)

PRINCIPIOS DERECHOS BÁSICOS	Y	EXCEPCIÓN APLICABLE
Artículo 5.1.b) considerando 50	y	Limitación de la finalidad del tratamiento: El tratamiento posterior de los datos personales con fines de archivo en interés público, de investigación o estadísticos no se considerará incompatible con los fines iniciales, pudiendo ser tratados por tanto sin necesidad de un nuevo consentimiento.
Artículo 5.1.e)		Limitación del plazo de conservación: En estos tratamientos, los datos personales podrán conservarse durante periodos más largos de tiempo siempre que se traten exclusivamente con los fines indicados.
Artículo 9.2. j) considerando 52	y	Prohibición del tratamiento de categorías especiales de datos personales. Excepción a la prohibición del tratamiento de categorías especiales de datos personales, cuando el tratamiento sea necesario con fines de archivo en interés público, fines de investigación científica o histórica o fines estadísticos.
Artículo 14.5. b) considerando 62	y	Principio de información al interesado. El Reglamento Europeo considera que en los tratamientos de datos efectuados con los fines indicados a lo largo de este artículo, la comunicación de la información al interesado conforme a lo establecido en el artículo 14.1 del RGPD, puede resultar imposible o suponer un esfuerzo desproporcionado, así como imposibilitar u obstaculizar gravemente el logro de los objetivos de tal tratamiento
Artículo 17.3 considerando 65	y	Derecho de supresión o derecho al olvido. El interesado verá limitado este derecho en la medida en que el ejercicio pudiera hacer imposible o comprometer gravemente el logro de los objetivos de los tratamientos de datos llevados a cabo con los fines ya mencionados.

2. DADOS **SENSIBLES E A** **SÚA PROTECCIÓN** **NOS CENTROS** **CULTURAIS**



***Criteriaos xurídicos, xurisprudenciais e
doutrinais para a xestión das bases de
dados de usuarios***

Criterios xurídicos, xurisprudenciais e doutrinais para a xestión das bases de datos de usuarios

- **BASES DE DADOS:** *ficheiro informático* que se emprega para preservar datos de xeito organizado e que permite atopar esta información rapidamente cando sexa preciso.
- Sométense ás **REGRAS ORDINARIAS** do RXPd:
 1. **PRINCIPIOS** do artigo 5; en particular, MINIMIZACIÓN DE DADOS.
 2. **LICITUDE** do tratamento (artigo 6); en particular, o CONSENTIMIENTO DO INTERESADO.
 3. **DEREITOS** do INTERESADO (acceso, oposición, rectificación, supresión, limitación do tratamento, etc).
- Vexamos unha serie de pronunciamentos da AEPD sobre o tratamento de datos persoais en bases de datos titularidade de administracións públicas, fundamentalmente bibliotecas.

N/REF: 0007/2021. Cruce de datos entre IMSERSO e M. de Universidades para publicar táboas con datos agregados e anonimizados sobre o grao de discapacidade dos usuarios.

DADOS ESPECIALMENTE PROTEXIDOS E FINS DE ARQUIVO E ESTATÍSTICA PÚBLICA

- As partes son conscientes de o grao de discapacidade é un dato especialmente protexido (art. 9 RXPD). Pero entenden que o tratamento é lícito porque:
- Os datos son agregados e anonimizados (non persoas identificadas ou identificables).
- Aplicable a excepción á prohibición do tratamento ex art. 9.2: **fins de estatística pública, arquivo e investigación. Estes fins non son incompatibles coa finalidade inicial para cuxo tratamento os interesados deran o seu consentimento ao IMSERSO.**
- Pero..., a AEPD entende que FALTOU O CONSENTIMIENTO INICIAL dos interesados PARA O TRATAMIENTO ESTATÍSTICO. Se fosen datos ordinarios o cruce in consentido sería admisible; non así nos relativos á saúde.

No: TD/00371/2018
D. AAA vs. UNIVERSIDADE LAS PALMAS

- Expón os dereitos de CANCELACIÓN e RECTIFICACIÓN coma incondicionados para a entidade responsable do tratamento dos datos.
- Iso significa que a responsable deberá executar esas operacións a petición do interesado e no prazo legal.
- Non semella que o responsable estea facultado para avaliar a legalidade e veracidade dos datos.

No AP/00069/2015. Instalación de cámaras de videovixianza pola UCM no exterior da Biblioteca Universitaria. Non información aos interesados. Imposibilidade de prestar consentimento. Creación dun ficheiro (base de datos de imaxes) non consentido

- Os problemas xurídicos a resolver son:
- 1. GRAVACIÓN e BASE DE DADOS DE IMAXES sen dar información aos afectados → a falta de información impide o consentimento dos suxeitos gravados.
- 2. VULNERACIÓN do PRINCIPIO DE PROPORCIONALIDADE: as cámaras gravan imaxes moi nidias das persoas na vía pública → tan só poden facelo as forzas e corpos de seguridade do Estado: excepción á normativa de protección de datos, baseada no desenvolvemento de funcións públicas esenciais.
- **PROBLEMÁTICA FUNDAMENTAL: DEREITO DE INFORMACIÓN É REQUISITO PREVIO AO**

C

*Estes **poderes de disposición e control sobre os datos persoais**, que constitúen parte do contido do dereito fundamental á protección de datos concrétnanse xuridicamente na facultade de consentir a recollida, a obtención e o acceso aos datos persoais, o seu posterior almacenamento e tratamento, así como o seu uso ou usos posibles, por un terceiro, sexa o Estado ou un particular. **E ese dereito para consentir** o coñecemento e o tratamento, informático ou non, dos datos persoais, require como complementos indispensables, por unha banda, **a facultade de saber en todo momento quen dispón deses datos persoais e a que uso está a sometelos**, e, doutra banda, **o poder opoñerse a esa posesión e usos**.*

No: TD/00804/2012

Bases de datos e ficheiros. Condicións do dereito de acceso.

El ejercicio del derecho de acceso es personalísimo, lo que significa que el titular de los datos personalmente deberá dirigirse al responsable, salvo poder expreso y por escrito del titular de los datos y fotocopia de los dos DNI (del titular de los datos y su representante) utilizando cualquier medio que permita acreditar el envío y la recogida de su solicitud, para el ejercicio de sus derechos, acompañando copia de su D.N.I.

Por tanto, el escrito de solicitud del ejercicio del derecho que se pretende realizar no debe dirigirse a esta Agencia Española de Protección de Datos, ya que ésta no tiene los datos personales que se contienen en el escrito recibido y citado anteriormente.

No: TD/01060/2012

Universidade de Salamanca. Servizo de Bibliotecas
Bases de datos e ficheiros. Satisfacción tardía do dereito de acceso

SÉPTIMO: En el supuesto aquí analizado, queda acreditado que la reclamante ejercitó su derecho de acceso ante la entidad demandada y que, transcurrido el plazo establecido conforme a las normas antes señaladas, su solicitud no obtuvo la respuesta legalmente exigible. No obstante, durante la tramitación del presente procedimiento, la citada entidad ha atendido completamente el derecho de acceso solicitado, así como completando con información que queda fuera del ámbito competencial de esta Agencia.

No: TD/01368/2015
Universidade de As Palmas.
Bases de datos e ficheiros. Cancelación

A presenza dun arquivo de orixe externa (recollido da prensa) que forme parte dun rexistro dixital da Universidade, convirte a dito arquivo en interno e á Universidade en responsable. Será fronte a esta, e non contra o medio de prensa, contra a que se exercerá o dereito de cancelación

2. DADOS **SENSIBLES E A** **SÚA PROTECCIÓN** **NOS CENTROS** **CULTURAIS**



*Acceso a documentos que conteñan
dados persoais (especial referencia a
documentos históricos)*

Acceso a documentos que contengan datos pessoais



TRATAMENTO de documentos que contengan datos pessoais.

Principios do tratamento
Licitude do tratamento



ACCESO aos documentos que contengan datos pessoais.



ACCESO aos DOCUMENTOS HISTÓRICOS

Acceso a documentos que contengan datos persoais: TRATAMENTO de documentos que contengan datos persoais

TRATAMENTO (art. 4 RXPd): calquera acción relativa a datos persoais → calquera operación ou conxunto de operacións realizadas sobre datos persoais ou conxuntos de datos persoais, xa sexa por procedementos automatizados ou non, como a recollida, rexistro, organización, estruturación, conservación, adaptación ou modificación, extracción, consulta, utilización, comunicación por transmisión, difusión ou calquera outra forma de habilitación de acceso, cotexo ou interconexión, limitación, supresión ou destrución;



PRINCIPIOS DO TRATAMENTO (art. 5 RXPd)

Licitude, lealdade e transparencia	Limitación do tratamento a fins determinados, explícitos e lexítimos. O tratamento ulterior ten que ser compatible cos fins do tratamento primario, agás que se usen para o arquivo en interese público e investigación.	Minimización do tratamento: uso limitado ao necesario en relación cos fins para os que son tratados.	Exactitude dos datos e rectificación dos que sexan inexactos.	Limitación do prazo de conservación dos datos ao necesario para o tratamento primario, podendo conservarse para fins de para o arquivo en interese público e investigación.	Integridade e confidencialidade: debe garantirse a seguridade adecuada dos datos, a protección contra o tratamento non autorizado ou ilícito e contra a súa perda, destrución ou dano accidental.
---	---	---	--	--	--

Acceso a documentos que contengan datos persoais:

TRATAMENTO de documentos que contengan datos persoais

LICITUDE DO TRATAMENTO (Art. 6 RXPd)

a) **o interesado deu o seu consentimento** para o tratamento dos seus datos persoais para un ou varios fins específicos;

e) o tratamento é necesario para o **cumprimento dunha misión realizada en interese público** ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento;

Consentimento : toda manifestación de vontade libre, específica, informada e inequívoca pola que o interesado acepta, xa sexa mediante unha declaración ou unha clara acción afirmativa, o tratamento de datos persoais que lle conciernen (artigo 4):

O responsable deberá ser capaz de demostrar que aquel consentiu o tratamento dos seus datos persoais. O interesado terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento (Artigo 7)

Acceso a documentos que conteñan datos persoais.

1. Acceso polo interesado (Art. 15 RXPd)

- O interesado terá **dereito** a obter do responsable do tratamento **confirmación de se se están tratando ou non** datos persoais que lle conciernen e, en tal caso, **dereito de acceso** aos datos persoais e á seguinte información:
 - a) os **fins** do tratamento;
 - b) as **categorías de datos persoais** de que se trate;
 - c) os **destinatarios ou as categorías de destinatarios** aos que se comunicaron ou serán comunicados os datos persoais, en particular destinatarios en terceiros ou organizacións internacionais;
 - d) de ser posible, o **prazo previsto de conservación** dos datos persoais ou, de non ser posible, os criterios utilizados para determinar este prazo;
 - e) a existencia do dereito para solicitar do responsable a **rectificación ou supresión** de datos persoais ou **a limitación do tratamento** de datos persoais relativos ao inter**reclamación**esado, ou a opoñerse ao devandito tratamento;
 - f) o dereito para presentar unha ante unha autoridade de control;
 - g) **cando os datos persoais non sdecisións automatizadase obtiveron do interesado**, calquera información dispoñible sobre a súa orixe (art. 14 RXPd);
 - h) a existencia de, incluída a elaboración de perfís, a que se refire o artigo 22, apartados 1 e 4, e, polo menos en tales casos, información significativa sobre a lóxica aplicada, así como a importancia e as consecuencias previstas do devandito tratamento para o interesado.

Acceso a documentos que contengan datos persoais.

1. Acceso polo interesado (Art. 15 RXPDP)

O responsable do tratamento facilitará unha copia dos datos persoais obxecto de tratamento. O responsable poderá percibir por calquera outra copia solicitada polo interesado un canon razoable baseado nos custos administrativos.

Cando o interesado presente a solicitude por medios electrónicos, a información facilitarase nun formato electrónico de uso común, agás que este solicite doutro xeito

FORMULARIO AEPD DEREITO DE ACCESO. [Aquí](#)


Directrices 01/2022 verbo dos dereitos dos interesados — Dereito de acceso. [Aquí](#)

Acceso a documentos que contengan datos pessoais.
1. Acceso polo interesado (Art. 15 RXPd)

No: TD/00126/2016 D^a AAA vs. AGENCIA ESPAÑOLA DEL ISBN



El acceso a documentos concretos no forma parte del contenido del derecho de acceso. Así, el derecho de acceso consiste en obtener información de los datos personales de base registrados, pero no ampara el acceso a documentos concretos.



Por tanto, la obtención de copia del registro de la publicación queda fuera del derecho de acceso configurado en la normativa de protección de datos .

Acceso a documentos que conteñan datos persoais.

2. Acceso por terceiros lexitimados

TERCEIRO: *“persoa física ou xurídica, autoridade pública, servizo ou organismo distinto do interesado, do responsable do tratamento, do encargado do tratamento e das persoas autorizadas para tratar os datos persoais baixo a autoridade directa do responsable ou do encargado;*” (art. 4 10) RXPd).



Acceso lexítimo e lícito supeditado á:

Aplicación dos artigos 5 e 6 RXPd sobre principios e regras do tratamento lícito de datos.

Aplicación da normativa propia de arquivos, rexistros e bibliotecas, etc



Exemplo. profesores, estudantes doutorais e postdoutorais, investigadores e similares →
Artigo 89. *“Garantías e excepcións aplicables ao tratamento con fins de arquivo en interese público, fins de investigación científica ou histórica ou fins estatísticos”.*

Acceso a documentos que contengan datos persoais.

2. Acceso por terceiros lexitimados

Real Decreto 1708/2011, de 18 de noviembre, por el que se establece el Sistema Español de Archivos y se regula el Sistema de Archivos de la Administración General del Estado y de sus Organismos Públicos y su régimen de acceso.

CAPÍTULO IV. Procedimiento de acceso a documentos y archivos ([aquí](#))

Acceso a documentos que contengan datos personales.

Acceso a documentos históricos



Real Decreto 1708/2011, de
18 de noviembre,



**Disposición adicional sexta.
Régimen de acceso a los
Archivos Históricos de
titularidad y gestión
estatal.**



Las disposiciones del presente
Real Decreto se aplicarán sin
perjuicio de las reglas
específicas de acceso a los
fondos de los Archivos
Históricos de titularidad y
gestión estatal, en razón de su
carácter de archivos abiertos
al público, siempre que
resulten más favorables al
derecho de acceso.

Acceso a documentos que conteñan datos persoais.

2. Acceso a documentos históricos

- **Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.**
- Artigo sesenta e dous. *A Administración do Estado **garantirá o acceso** de todos os cidadáns españois aos Arquivos, Bibliotecas e Museos de titularidade estatal, sen prexuízo das restricións que, por razón da **conservación** dos bens neles custodiados ou da función da propia institución, poidan establecerse.*
 - **¿A que se garante o acceso?**
- **Interesado??**. Protección de datos refírese ás **PERSOAS VIVAS**. Posibles descendentes e herdeiros.
 - Archivo Histórico Nacional -- acceso ([aquí](#)).

Acceso a documentos que conteñan datos persoais.

2. Acceso a documentos históricos. Dereito de supresión ou derecho ao esquecemento (art. 17 RXPd). Caso “Carratalá”

- “En 2019 [Juan Antonio Ríos Carratalá](#), catedrático de Literatura Española en la Universidad de Alicante, asistió, desde la impotencia, a la censura de sus estudios en torno a los *sumarísimos* contra Miguel Hernández, en virtud, precisamente, de una reclamación del derecho al olvido. Antonio Luis Baena Tocón –hijo del secretario judicial del [sumario 21.001 contra el poeta](#)– le denunció sobre la base del artículo 15 de la [Ley Orgánica 3/2018 de Protección de Datos Personales y garantías de los derechos digitales](#), desatando una larga batalla judicial. A partir del “caso Carratalá”, la revista [Nuestra Historia](#) ha elaborado un dossier bajo el título: “[El «derecho al olvido»: uso, abuso e instrumentalización frente a la investigación histórica](#)”.
- (Ver documento [aquí](#))”

Acceso a documentos que conteñan datos persoais.

2. Acceso a documentos históricos. Dereito de supresión ou derecho ao esquecemento (art. 17 RXPd).

- 1. O interesado terá dereito a obter **sen dilación indebida** do responsable do tratamento a supresión dos datos persoais que lle conciernan, o cal **estará obrigado a suprimir** sen dilación indebida os datos persoais cando concorra algunha das circunstancias seguintes:
 - a) os datos persoais **xa non sexan necesarios** en relación cos fins para os que foron recollidos ou tratados doutro xeito;
 - b) o interesado **retire o consentimento** en que se basea o tratamento e este non se base noutro fundamento xurídico;
 - c) o interesado **exercita o dereito de oposición ao tratamento** e non prevalezan outros motivos lexítimos;
 - d) os datos persoais fosen **tratados ilícitamente**;
 - e) os datos persoais deban suprimirse para o cumprimento dunha **obriga legal** establecida no Dereito da Unión ou dos Estados membros que se aplique ao responsable do tratamento;
 - f) os datos persoais obtivéronse en relación coa **oferta de servizos da sociedade da información**.

Acceso a documentos que conteñan datos persoais.

2. Acceso a documentos históricos. Dereito de supresión ou derecho ao esquecemento (art. 17 RXPd)

- 3. O dereito ao esquecemento non procede cando o tratamento sexa necesario:
 - a) para exercer o dereito á liberdade de expresión e información;
 - b) para o cumprimento dunha obriga legal que requira o tratamento de datos imposta polo Dereito da Unión ou dos Estados membros que se aplique ao responsable do tratamento, ou para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable;
 - c) por razóns de interese público no ámbito da saúde pública;
 - d) con fins de arquivo en interese público, fins de investigación científica ou histórica ou fins estatísticos, de conformidade co artigo 89, apartado 1, na medida en que o dereito indicado no apartado 1 puidese facer imposible ou obstaculizar gravemente o logro dos obxectivos do devandito tratamento, ou para a formulación, o exercicio ou a defensa de reclamacións.

Acceso a documentos que conteñan datos persoais.

Dereito de supresión ou derecho ao esquecemento (art. 17 RXPd). No: TD/00068/2019. D. AAA vs. Biblioteca da Universidade de las Palmas de Gran Canaria

- D. AAA exercia o seu dereito ao esquecemento fronte da Biblioteca Universitaria á que esixe que suprima uns datos que fan referencia a condeas penais pasadas.
- A Biblioteca propón e a AEPD acepta a **DESINDEXACIÓN** dos datos, non a súa destrución:
- *“ao existir normativa que obrigue ao seu mantemento ou, cando o dereito exercítese fronte a un buscador que non pode eliminar a información inicial co fin de atender a pretensión do interesado sen que se altere o contido do ficheiro orixinal. Por tanto, esas medidas adoptadas consideraríanse suficientes para dar por atendido o dereito de supresión todo iso respecto a o solicitado no exercicio de dereito.”*